

FICHA RESUME

PE 403A 2007/70-5

Ano	2008
Entidade	ASOCIACIÓN DE CONFRARIAS DA RÍA DE VIGO
Plan explotación⁽¹⁾	PLAN ESPECIFICO DE EXPLOTACIÓN DE MOLUSCOS BIVALVOS
Réxime⁽²⁾	LIBRE MARISQUEO
Modalidade⁽³⁾	MARISQUEO A PÉ

Especies	Ameixa babosa (<i>V.pullastra</i>), ameixa fina (<i>R.decussatus</i>), ameixa xaponesa (<i>R.philippinarum</i>), ameixa bicuda (<i>V.aurea</i>), berberecho (<i>C.edule</i>), caramuxo (<i>L.littorea</i>) e reloxo (<i>D.exoleta</i>).
Ambito do plan	Bancos intermareais de moluscos bivalvos da ría de Vigo, excepto a zona de autorización de Baiona.
Subzonas de explotación	Cabo Estai, Toubiña, Toralla, Canido, Bouzas, Rochas, Arealonga, Cabanas, Chapela, A Guía, Rande, Cedeira, A Portela, A Barra, Cesantes, A Punta do Cabo, Sobreiro, Illa San Simón, Cobreiro, Sotoxusto, Malvinas, Estralo, Puntal, Río do Medio, Conejera, Area Nova, Cunchido, Río Alvedosas, Río de Paredes, Aradoiro, Calera, Maceira, Estralo, Carballal, Río do Porco, San Adrián, Río Maior, Deilán, Cobas, Cabalo, Domaio, Borna, Meira, A Xunqueira, O Con, Tiran, Illa dos Ratos.

Mariscadoras/es a pé
508 permisos renovados para o ano 2008 e 1 solicitude en trámite (09.11.2007)

Ampliación do número de permex⁽⁴⁾	Si	Non
Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	Tripulantes/Habilitacións

Calendario de explotación											
Días máximos de extracción		160									
Época y zona probable de extracción⁽⁵⁾ : de xaneiro a decembro, rotando os bancos.											
Modalidade⁽³⁾: A PÉ											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Especies	A pé (kg/mariscdora/día)
Ameixa babosa	5 kg
Ameixa fina	3 kg
Ameixa xaponesa	8 kg
Ameixa bicuda	2 kg
Berberecho	10 kg
Caramuxo	5 kg
Reloxo	5 kg

Artes a empregar	Sacho, legón, angazo
-------------------------	----------------------

Puntos de control	Lonxa de Arcade, Cunchido, Lonxa de Meira, Domaio, A Xunqueira (á beira do actual campo de fútbol e ao lado da Casa do Mar), O Con, Tirán, Illa dos Ratos, Borna, lonxa de Cesantes, punta do Cabo, A Portela, Arealonga, lonxa da Santa Cristina, San Adrián, Punta Calera, punta Cabalo, lonxa de Canido, Toralla, Serral.
--------------------------	--

Puntos de venda

Lonxas de: Arcade, Canido, Moaña, Redondela, Vilaboa, Cangas e Vigo.

Accións a realizar ⁽⁷⁾	Epocas probables ⁽⁸⁾											
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rexeneración zonas improdutivas												
Zonas: Arcade (dragado de area para reabrir un canal), Redondela (apertura de escollera na Portela) e Vilaboa (aporte de area en Río Maior).												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Extracción semente para resembrar												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Sementeiras	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: subzonas de explotación												
Especies: ameixa fina, ameixa xaponesa e ameixa babosa.												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Traslados												
Zonas:												
Especies:												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Rareos	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: subzonas de explotación												
Especies: calquera especie con densidade elevada												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Limpezas e arados	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X
Zonas: subzonas de explotación												
	X	F	M	A	M	X	XI	A	S	O	N	D
Outros												
Preengorde de semente de ameixa en pochóns e batea.												

Outras consideracións ⁽⁹⁾

En relación coas participantes, advírtese diversas situacións nos listados presentados polas entidades:

En relación coa **proposta de ampliación do número de permisos de explotación** para marisqueo a pé na confraría de Vigo, a proposta da Dirección Xeral de Recursos Mariños para aprobación do plan de explotación para o presente ano contemplaba que era necesario presentar unha avaliación biolóxica dos recursos marisqueiros existentes nos bancos do ámbito da confraría de Vigo, o cal non tivo lugar durante o ano 2007. Polo tanto, **reiterase a necesidade de que se presente esta avaliación como paso previo para poder valorar a solicitude de incremento do número de permisos de explotación**. O informe da axente de extensión é favorable á ampliación.

Por outra banda, cumpre lembrar que na proposta da dirección xeral mencionada se indicaba que para valorar o número de permisos solicitados para a confraría de Cangas (15) era necesario realizar unha avaliación biolóxica dos recursos existentes na praia de O Sinal.

En relación co calendario de extraccións: de acordo co informe técnico redúcense o número máximo de días autorizados a 160. Aceptase que a explotación se desenvolva durante todo o ano debido a unha xestión baseada na rotación de bancos. Dita rotación dependerá do estado do recurso nas distintas zonas, e esixe un control estrito dos tamaños de captura nos puntos de control establecidos.

Acéptase a restricción establecida no plan en canto a zona de traballo para as persoas que accederon ao permiso de explotación dende o ano 2006, como medida de xestión que por un lado evitaría a sobreexplotación daqueles bancos que non admiten máis esforzo pesqueiro, e por outra banda evitaría a redución das rendas daquelas mariscadoras que están por debaixo do salario mínimo interprofesional.

Aceptase o acotamento de zonas nas que se leva a cabo o cultivo de especies por parte daquelas mariscadoras comprometidas en realizar os traballos necesarios para acadar melloras na produción dos bancos.

Durante parte do presente ano as solicitudes de apertura para a zona de O Cunchido foron realizadas pola Asociación de confrarías, previo acordo entre representantes das mariscadoras de Arcade e da Asociación profesional “Pedra da Oliveira” de Vilaboa. Na proposta do plan para o ano 2008 contemplase que para solicitar as aperturas mensuais de zonas, cuotas e días de marisqueo no banco de O Cunchido se reunirán previamente representantes das entidades mencionadas. Esta medida considerase moi adecuada, polo que se establece que durante o ano 2008 as peticións de apertura da Asociación de confrarías para a zona de O Cunchido reflectirán o acordo a que cheguen as representantes das mariscadoras da confraría de Arcade e da Asociación de Pedra de Oliveira de Vilaboa. Recomendamos que ditos acordos se fagan chegar xunto coa solicitude de apertura correspondente, á delegación territorial.

A gancha a pé non está incluída nas artes de marisqueo a pé, de acordo co establecido no artigo 118º do Decreto 424/1993, de 17 de decembro, polo que o seu emprego require da aprobación dun plan experimental.

Considerase adecuada a rexeneración aportando area na praia de Río Maior en Vilaboa afectada polas riadas do inverno do ano 2006 e na quese efectuou a extracción de lama acumulada, retirándose xunto con ela unha capa de area.

Para a explotación do reló deberá seguirse o “Protocolo para a apertura do reloxo nos bancos marisqueiros”.

*